



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 148 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Interpelación** relacionada coa situación que se está a vivir no Hospital POVISA.

A empresa privada POVISA, que xestiona o Hospital do mesmo nome con atención sanitaria concertada co SERGAS, vén atentando sistematicamente cos dereitos de traballadores e traballadoras, incumprindo mesmo sentenzas xudiciais na súa contra. Esta empresa permítese o luxo de incumprir non só os dereitos laborais de traballadores e traballadoras, se non tamén cos tempos máximos de espera na atención cirúrxica e especializada esixibles ao resto do SERGAS. En múltiples ocasións este grupo preguntou ao Goberno galego os motivos de facilitar estes incumprimentos legais e obtivo o silencio coma resposta.

En canto aos recortes de postos de traballo, os efectos de despedimentos, cambios forzosos nas quendas de traballo e a variabilidade de diferentes quendas súmase ao déficit do que xa partía a empresa en plantilla en comparación coas plantillas esixibles no Servizo Galego de Saúde.

Todos estes feitos veñen sendo denunciados polo noso grupo, por colectivos sociais, sindicatos...sen que a Xunta de Galicia teña tomado medida algunha. É máis, vén de renovar un concerto millonario para os vindeiros oito anos con posibilidade de dous máis de prórroga a pesares de estas condicións laborais. Condicións que repercuten na atención directa ás galegas e galegos que son atendidas e atendidos neste centro ao traveso do concerto público.

Tras a retirada dun ERE fóra da legalidade, este mes a empresa procedeu a realizar trece novos despedimentos que, sumados aos anteriores, fan xa setenta e tres. Mentres

tanto a Xunta de Galicia semella pouco interesada na situación da atención sanitaria no centro e nas condicións laborais. Feito que amosa coa súa pasividade, cando tras máis dunha semana de inicio da folga de fame de varias sanitarias e sanitarios, estes seguen sen ser escoitados pola Administración, que nin os recibiu nin pasou a interesarse pola súa saúde. Nin tan sequera cando é público que están a sufrir auténticas torturas coma impedirilles o descanso ás persoas en folga de fame.

Ante a gravidade da situación, **interpélase** para coñecer:

1.- Cal é a opinión da Xunta de Galicia sobre os trece últimos despedimentos no Hospital POVISA? Pensa facer algo para que estas traballadoras e traballadores sexan readmitidas e readmitidos?

2.- Cal é a opinión da Xunta de Galicia sobre as medidas de presión exercidas contra as persoas en folga de fame tales coma impedir o seu descanso? Que pensan facer ao respecto?

3.- Cales son os motivos polos que as persoas en folga de fame e/ou os seus ou súas representantes non foron recibidos aínda pola Consellería de Sanidade?

4.- Cales son os motivos polos que ante a gravidade da situación e perigo para a saúde das persoas en folga a Conselleira de Sanidade non se achegou ao centro a interesarse polo seu estado?

5.- Que xustificación ofrece a Xunta de Galicia para que o Hospital POVISA non cumpra as mesmas ratios de persoal que a atención no SERGAS?

6.- Cal é a xustificación que ofrece a Xunta de Galicia ante a súa permisividade ao permitir o incumprimento continuo dos tempos máximos de espera estipulados legalmente no Hospital POVISA?

7.- Que medidas legais pensa tomar para facer cumprir coas ratios de persoal e cos tempos máximos de espera?

8.- Cales son os motivos polos que se permite a subcontratación na empresa e que medidas pensan tomar ante isto?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2015.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 18/03/2015 18:28:16**